



O faladoiro desta semana, debido a que as nosas sabias e sabios inda non remataron coa lectura de *Ensayo sobre la lucidez* de Saramago, fixemos unha xornada de “barra libre”, onde cada participante aportou unha obra literaria, e así puxemos en común unha decena de libros.




Asesinatos S.L., de Jack London. Un libro candidato a ser unha das próximas lecturas do noso Faladoiro. A historia dunha empresa dedicada a asasinar persoas de importancia social somentes nos casos nos que supoñen un beneficio para a sociedade, é un clásico raro da literatura, pois a idea orixinaria era de outro escritor, comprada por London en 1910, que non foi quen de conseguir rematar a historia, deixándoa inconclusa o falecer no 1916 e abandonada

nun caixón ata que Robert L. Fish completou a historia no 1967. Pero ademais é unha gran obra que pon o ollo nos límites da moralidade e da ética, ou no sentido da xustiza.



De ratones y hombres, de John Steinbeck. Unha das obras mais importantes da literatura estadounidense é esta breve novela, publicada en 1937 e baseada nas experiencias como vagabundo durante a Gran Depresión do propio escritor, que anos máis tarde, logo de publicar outras grandes obras como *“Las uvas de la ira”*, acabaría gañando o novel no 1962.

Conta, cunha linguaxe moi sinxela e directa motivo de moitos debates e críticas, a historia de dous homes, Lennie e George, que viaxan de granxa en granxa buscando traballo e soñando con poder un día ter a súas propias terras. A amizade é un dos eixos fundamentais da historia, que tamén supón unha crítica durísima as condicións de vida no campo californiano.




La reina de los bandidos, de Phoolan Devi. A dramática historia de Phoolan Devi, dende que na súa infancia foi obrigada a casarse cun home vinte anos maior, ata que anos máis tarde acaba de deputada no parlamento indio, é un relato durísimo, que pon de relevancia o funcionamento da cultura de castas indias, que obrigou a esta muller a loitar e converterse nunha fuxitiva, ladrona e asasina para poder sobrevivir.


Phoolan Devi foi nominada o nobel da Paz no 1998, e no 2001 morrería asasinada en vinganza por unha das matanzas que Phoolan protagonizou na súa época de fuxitiva por un membro dunha casta superior que sería homenaxeado anos despois por un partido político representante das castas máis altas.




La melancólica muerte de Chico Ostra, de Tim Burton. O universo de Tim Burton, nunha colección de contos en forma de poemas e ilustrados polo propio autor. Nenos solitarios, estranos e diferentes, en historias que mesturan , como é habitual na obra de Burton, crueldade e tenrura a partes iguais.



Pabellones lejanos, de M.M. Kaye. Unha novela histórica ambientada a finais de século XIX e principios do XX, no cenit do imperio británico na India, en pleno conflito entre occidente e oriente. Narra a historia dun inglés que é criado no medio dos indios, e usando unha historia de amor como fío condutor cóntanos con todo luxo de detalles como era a vida nas colonias inglesas, nas cortes indias, e a complexidade dos conflitos desa época histórica nesa parte do mundo.



La sensación de fluidez, de Juan Carlos Cubeiro. Unha obra de autoaxuda para o desenrolo dos liderazgos e dos grupos de traballo camuflada nunha novela. Cando Leopoldo Zoe, directivo dunha empresa se xubila, acede ao cargo Jesús Bauluz, unha persoa individualista e cunhas maneiras de traballar totalmente opostas as do seu antecesor, desatando unha serie de conflitos que o vello axuda a resolver o longo da historia, dándolle así ao lector as leccións que o autor desexa dar.



La carretera, de Cormac McCarthy. A historia dun pai que viaxa por un mundo postapocalíptico co seu fillo e as súas escasas pertenzas nun carriño de supermercado. Unha obra dura, sen concesións, que plantexa un mundo que quedou asolado, sen alimentos nin recursos, e cos poucos seres humanos que quedan empuxados ao salvaxismo máis brutal, un salvaxismo do que o protagonista intenta protexer o seu fillo, mentres seguen unha carretera infinita cara o sur, onde se supón que a situación é mellor.



O gardián invisible, de Dolores Redondo. Un thriller moi orixinal, de lectura áxil e intensa, onde a intriga policiaca se mestura coas lendas tradicionais navarras e coa propia experiencia vital da protagonista, a inspectora Amaia Salazar, que debe volver o val do Baztan, de onde é orixinaria, para esclarecer uns asasinatos rituais e enfrontarse as súas propias pantasma.

Esta obra forma parte dunha triloxía, da que tamén foi publicada a segunda parte “Legado nos osos”, protagonizada pola inspectora Salazar e o val do Baztan, que coa súa atmosfera fría, escura e asfixiante actúa case como un protagonista máis da obra que como marco físico.